



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 45)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D^a. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e sete de setembro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os señores Deputados D. Roberto Fernández Rico e D. Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de setembro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DE VARIOS CONCELLOS SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Folgoso do Courel e Lugo no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018, acordouse a aprobación das Bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o



prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “As baixas obtidas nas licitacións será investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (...), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación: A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 29 de maio de 2018, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce remanente na adxudicación.

Os concellos indicados achegaron os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se relacionan:

Concello de Folgoso do Courel

O Concello de Folgoso do Courel presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, relacionando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
87	MELLORA DE DÚAS PRAZAS EN SEOANE E MIRAZ	2018 1532 762	2.595,03€
91	AFIRMADO DE CAMIÑO DE ACCESO A CAMPA	2018 1531 762	1.358,88€

Así mesmo, de data 20 de setembro de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o indicado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas;

constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
MELLORA DE DÚAS PRAZAS EN SEOANE E MIRAZ (EXCESO MEDICIÓNS)	1532 76255	2.595,03€	--	2.595,03€
AFIRMADO DE CAMIÑO DE ACCESO A CAMPA (EXCESO MEDICIÓNS)	1531 76255	1.358,88€	--	1.358,88€

Concello de Lugo

O Concello de Lugo presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

Nº obra	IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	BAIXA € DEPUTACIÓN
125	PAVIMENTACIÓN EN RÚA DOS CHAOS E CAMIÑO DE LIÑARES	2018 1531 762	31.625,88€
126	PAVIMENTACIÓN DE VIAL DENDE MILLEIRÓS A TOLDA DE MILLEIRÓS	2018 1531 762	24.467,20€
127	PAVIMENTACIÓN DE VIAIS EN CASTELO	2018 1531 762	24.167,94€
128	PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE ABASTECIMENTO EN CAMIÑO DE BARREIRO E SAN FIZ	2018 1531 762	36.470,85€
129	FORMIGONADO DE CUNETAS EN ESPERANTE	2018 1531 762	10.189,87€
130	REXENERACIÓN DE FIRME NO CAMIÑO DO MUÍÑO (SANTO ANDRÉ DE CASTRO), (segundo coordenadas UTM).	2018 1531 762	3.850,27€
131	REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DE ACCESO A MAZOI (segundo coordenadas UTM)	2018 1531 762	6.501,46€
132	REFORMA DA ESCOLA DE DAQUELCABO (BASCUAS)	2018 3340 762	4.668,60€
133	REFORMA DO LOCAL SOCIAL DO BURGO	2018 3340 762	3.655,74€

Así mesmo, de data 30 de agosto de 2018, modificado por escrito de 19 de setembro de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
REXENERACIÓN DE FIRME NA CORREDOIRA DE A PORTELA, INCLÚIDO HONORARIOS	1531 76255	19.118,00	--	19.118,00
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DE CIMA DE VIAL A LAXE, INCLÚIDO HONORARIOS	1531 76255	42.915,88	--	42.915,88
REXENERACIÓN DE FIRME DA ESTRADA N-VI A DISTRIZ, INCLÚIDO HONORARIOS	1531 76255	42.470,29	--	42.470,29
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA LU-P-2910 A BOSENDE DE ABAIXO, INCLÚIDO HONORARIOS	1531 76255	32.769,30	3,00--	32.772,30
REFORZO ESTRUCTURAL DA ESCOLA VELLA DE DAQUELCABO, INCLÚIDO HONORARIOS	3340 76255	8.068,68	--	8.068,68



Así mesmo, o Concello solicita “unha prórroga para a execución e xustificación dos referidos investimentos, ata o 15 e 30 de novembro de 2019 respectivamente”, podendo realizarse nos termos seguintes:

INVESTIMENTO	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
REXENERACIÓN DE FIRME NA CORREDOIRA DE A PORTELA, INCLUÍDO HONORARIOS	15-11-2019	30-11-2019
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DE CIMA DE VIAL A LAXE, INCLUÍDO HONORARIOS		
REXENERACIÓN DE FIRME DA ESTRADA N-VI A DISTRIZ, INCLUÍDO HONORARIOS		
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA LU-P-2910 A BOSENDE DE ABAIXO		
REFORZO ESTRUCTURAL DA ESCOLA VELLA DE DAQUELCABO, INCLUÍDO HONORARIOS		

Tendo en conta a solicitude dos sinalados concellos, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan único 2018, “Os investimentos así financiados con cargo a baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo respectivo concello, no Plan único 2018, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas no seu caso.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Folgoso do Courel e Lugo, e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento/s que deseguido se indica co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas, no seu caso.

IDENTIFICACIÓN	CONCELLO	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVERSIÓN
MELLORA DE DÚAS PRAZAS EN SEOANE E MIRAZ (EXCESO MEDICIÓNS)	FOLGOSO DO COUREL	1532 76255	2.595,03€	--	2.595,03€
AFIRMADO DE CAMIÑO DE ACCESO A CAMPA (EXCESO MEDICIÓNS)		1531 76255	1.358,88€	--	1.358,88€
REXENERACIÓN DE FIRME NA CORREDOIRA DE A PORTELA, INCLÚIDO HONORARIOS	LUGO	1531 76255	19.118,00	--	19.118,00
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DE CIMA DE VIAL A LAXE, INCLÚIDO HONORARIOS		1531 76255	42.915,88	--	42.915,88
REXENERACIÓN DE FIRME DA ESTRADA N-VI A DISTRIZ, INCLÚIDO HONORARIOS		1531 76255	42.470,29	--	42.470,29
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA LU-P-2910 A BOSENDE DE ABAIXO INCLÚIDO HONORARIOS		1531 76255	32.769,30	3,00	32.772,30
REFORZO ESTRUCTURAL DA ESCOLA VELLA DE DAQUELCABO, INCLÚIDO HONORARIOS		3340 76255	8.068,68	--	8.068,68

2º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Lugo, e, en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a execución e xustificación do investimento incluído con cargo a remanentes e indicado deseguido, debendo de remitir a Deputación, de forma individual a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (anexo III ou IV) e a xustificación nos termos indicados nas bases.

INVERSIÓN	PRazo EXECUCIÓN	PRazo XUSTIFICACIÓN
REXENERACIÓN DE FIRME NA CORREDOIRA DE A PORTELA, INCLÚIDO HONORARIOS	15-11-2019	30-11-2019
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DE CIMA DE VIAL A LAXE, INCLÚIDO HONORARIOS		
REXENERACIÓN DE FIRME DA ESTRADA N-VI A DISTRIZ, INCLÚIDO HONORARIOS		
REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DA LU-P-2910 A BOSENDE DE ABAIXO, INCLÚIDO HONORARIOS		
REFORZO ESTRUCTURAL DA ESCOLA VELLA DE DAQUELCABO, INCLÚIDO HONORARIOS		

Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DE VARIOS CONCELLOS, SOLICITANDO PRÓRROGA PARA A EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE INVERSIÓN E DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO INCLÚIDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de A Pontenova, Muras e Xermade no que solicitan prórroga para poder executar e xustificar investimentos, incluído no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluído, polos concellos indicados os investimentos e actuacións sinaladas.

Nas devanditas bases (Base 21) estableceuse, no relativo á xustificación dos investimentos “... todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2019 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse a Deputación na data límite do 15 de outubro de 2019. Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno”.

As Alcaldías dos concellos indicados, solicitan unha prórroga para executar/xustificar investimentos e programa de fomento do emprego, polos motivos e prazos que se sinalan nos apartados seguintes:

Concello de Muras:

O concello de Muras incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

MURAS	151	IDENTIFICACIÓN	ACTUACIÓN EN SENDAS E ACCESOS: SENDA COTO-FERRERIO, SENDA DA FRAGA, SENDA DA LOMA, SENDA REGO DA XESTOSA, ACCESO A PENAGRANDE, CURRAL NA CARBALLOSA, A BAXÍN, Ó BARRAL, A BEDILLE DE ABAIXO, Á ESTRADA DO CANEIRO, Ó CARREGAL E A CASTRO (segundo coordenadas UTM)				
		FINANCIACIÓN	130.134,78	14.673,10	144.807,88		X
	152	IDENTIFICACIÓN	EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS NÚCLEOS RURAIS E NA CASA DO CONCELLO DE MURAS, (segundo coordenadas UTM)				
		FINANCIACIÓN	14.585,90	0,00	14.585,90		X
	153	IDENTIFICACIÓN	CONSERVACIÓN E AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL				
		FINANCIACIÓN	54.745,07	0,00	54.745,07		X

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 29-03-2019, o concello de Muras, incluíu con cargo a remanentes o seguinte investimento:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE A BALSA (SANTA MARÍA), O BURGO (SANTA MARÍA), IRIXOA (SAN XILLAO) E MURAS (SAN PEDRO)	2018 1531 762	36.820,55€	--	36.820,55€

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 06-09-2019, o concello de Muras, incluíu con cargo a remanentes o seguinte investimento:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
OBRAS DE CONSERVACIÓN NO CEMITERIO MUNICIPAL DE MURAS	1640 76255	12.483,51€	--	12.483,51€

A Alcaldía do Concello de Muras, a través de escrito con rexistro de entrada, de data 23 de setembro de 2019, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ .. escaseza de persoal...” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	INVESTIMENTO	NÚM	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
MURAS	ACTUACIÓN EN SENDAS E ACCESOS: SENDA COTO-FERRERIO, SENDA DA FRAGA, SENDA DA LOMA, SENDA REGO DA XESTOSA, ACCESO A PENAGRANDE, CURRAL NA CARBALLOSA, A BAXÍN, Ó BARRAL, A BEDILLE DE ABAIXO, Á ESTRADA DO CANEIRO, Ó CARREGAL E A CASTRO (segundo coordenadas UTM)	151	15-11-2019	30-11-2019
	EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS NÚCLEOS RURAIS E NA CASA DO CONCELLO DE MURAS, (según coordenadas UTM)	152		
	CONSERVACIÓN E AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL	153		
	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE A BALSA (SANTA MARÍA), O BURGO (SANTA MARÍA), IRIXOA (SAN XILLAO) E MURAS (SAN PEDRO)	REM		
	OBRAS DE CONSERVACIÓN NO CEMITERIO MUNICIPAL DE MURAS	REM		

Concello de Xermade:



O concello de Xermade incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

XERMADE	08	IDENTIFICACIÓN	REPARACIÓN DE ESTRADAS EN ZALAROA, LABRADA, TOUTELO, PENA DE CORVOS, BIDUEIRO, A TOUZA, XERMADE, REBUXENTOS, SUAPENA, CERDEIRA, POUPARIÑA, A FRAGA, SAN XURXO, CASANOVA-PENA, PAZO, A GULPILLEIRA, BADOI, AS TESTAS, BROSENDE PORTOSILVA, REGUENGO, LEBORÉ, ROUPAR-TOUZA, AZOREIRA, A PENA, A PEDREIRA E CAMPO DE FÚTBOL DE ROUPAR, (segundo coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS					
		FINANCIACIÓN	140.486,54	15.325,20	155.811,74			
	09	IDENTIFICACIÓN	SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE ALUMEADO EN XERMADE, INCLUÍDO HONORARIOS					
		FINANCIACIÓN	50.489,98	0,00	50.489,98			

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 25-01-2019, o concello de Xermade, incluíu con cargo a remanentes o seguinte investimento:

IDENTIFICACIÓN		APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVERSIÓN
XERMADE	REPARACIÓN DAS ESTRADAS EN O CAMIÑO, AS CASAS NOVAS, A SILVA, BADOI, O CANEIRO, AS CAVADAS E PORTOLOUSA, INCLUÍDO HONORARIOS FACULTATIVOS	2018 1531 762	43.936,82€	0,00€	43.936,82€

A Alcaldía do Concello de Xermade, a través de escrito de data 20 de setembro de 2019, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “.. retrasos na entrega e autorización sectorial da Confederación Hidrográfica Miño- Sil...” ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	INVERSIÓN	NÚM	PAZO EXECUCIÓN	PAZO XUSTIFICACIÓN
XERMADE	SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE ALUMEADO EN XERMADE, INCLUÍDO HONORARIOS	309	31-10-2019	15-11-2019
	REPARACIÓN DAS ESTRADAS EN O CAMIÑO, AS CASAS NOVAS, A SILVA, BADOI, O CANEIRO, AS CAVADAS E PORTOLOUSA, INCLUÍDO HONORARIOS FACULTATIVOS	REM		

Concello de A Pontenova:

O concello de A Pontenova incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

A PONTENOVA	225	IDENTIFICACIÓN	RECUPERACIÓN PATRIMONIAL INDUSTRIAL "FORNO BOULLOSO", INCLUÍDO ADQUISICIÓN TERREOS E HONORARIOS					
		FINANCIACIÓN	48.000,00	8.722,00	146.722,00		X	
				90.000,00				AXUDA AGADER

A Alcaldía do Concello de A Pontenova, a través de escrito con rexistro de data 23 de setembro de 2019, solicita unha ampliación do prazo para a execución e xustificación das actuacións descritas, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ .. aparición de restos de cimentacións e arranque dos fornos desaparecidos obrigó a relantizar la ejecución... ata os prazos que se sinalan:

CONCELLO	INVESTIMENTO	NÚM	PAZO EXECUCIÓN	PAZO XUSTIFICACIÓN
A PONTENOVA	RECUPERACIÓN PATRIMONIAL INDUSTRIAL "FORNO BOULLOSO", INCLUÍDO ADQUISICIÓN TERREOS E HONORARIOS	225	15-11-2019	30-11-2019

Tendo en conta as solicitudes das Alcaldías dos concellos indicados, así como os motivos que aducen, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, aplicando, no caso do programa de fomento do emprego, analoxicamente, o establecido na base 21 das bases reguladoras do Plan único 2018, “... excepcionalmente os concellos poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno”.

O artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, sinala “... la administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio, o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos...”. Así mesmo, no apartado 3 deste mesmo artigo, indica “... la decisión sobre la ampliación deberán producirse, en todo caso, antes del vencimiento del plazo de que se trate. En ningún caso podrá ser objeto de ampliación un plazo ya vencido”. Neste caso o prazo para executar as actuacións vence o 30/09/2019 e o de presentar a xustificación vence o 15-10-2019, non se atopa polo tanto, vencido ningún deles.

Debe ponderarse, para resolver a petición do Concello, a competencia e función da cooperación do ente provincial, cos concellos (art. 36 LBRL), así como os principios relacionados no artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, a) servizo efectivo ao cidadán, b) boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional.

As solicitudes de prórrogas, para a execución e xustificación dos investimentos do plan único 2018, de proceder, efectuadas dentro do prazo previsto nas bases (30 de setembro de 2019),



pero recibidas na Deputación con posterioridade a esa data límite, o órgano competente, conforme aos criterios e pautas fixadas nas bases e en exercicios anteriores, pode entenderse que son susceptibles de seren autorizadas pola propia Xunta de Goberno, aínda que en acordo adoptado con posterioridade ao 30 de setembro de 2019.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión das prórrogas, aos amentados Concellos, para executar e xustificar as actuacións indicadas incluídas no plan provincial único 2018, ata os prazos solicitados.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de A Pontenova, Muras e Xermade, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a execución e xustificación dos investimentos e programa de fomento do emprego, nos termos indicados:

CONCELLO	INVERTIMENTO	NÚM	PRAZO EXECUCIÓN	PRAZO XUSTIFICACIÓN
A PONTENOVA	RECUPERACIÓN PATRIMONIAL INDUSTRIAL "FORNO BOULLOSO", INCLÚÍDO ADQUISICIÓN TERREOS E HONORARIOS	225	15-11-2019	30-11-2019
MURAS	ACTUACIÓN EN SENDAS E ACCESOS: SENDA COTO-FERRERIO, SENDA DA FRAGA, SENDA DA LOMA, SENDA REGO DA XESTOSA, ACCESO A PENAGRANDE, CURRAL NA CARBALLOSA, A BAXÍN, Ó BARRAL, A BEDILLE DE ABAIXO, Á ESTRADA DO CANEIRO, Ó CARREGAL E A CASTRO (segundo coordenadas UTM)	151	15-11-2019	30-11-2019
	EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS NÚCLEOS RURAIS E NA CASA DO CONCELLO DE MURAS, (segundo coordenadas UTM)	152		
	CONSERVACIÓN E AMPLIACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL	153		
	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE A BALSA (SANTA MARÍA), O BURGO (SANTA MARÍA), IRIXOA (SAN XILLAO) E MURAS (SAN PEDRO)	REM		
	OBRAS DE CONSERVACIÓN NO CEMITERIO MUNICIPAL DE MURAS	REM		
XERMADE	SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE ALUMEADO EN XERMADE, INCLÚÍDO HONORARIOS	309	31-10-2019	15-11-2019
	REPARACIÓN DAS ESTRADAS EN O CAMIÑO, AS CASAS NOVAS, A SILVA, BADOI, O CANEIRO, AS CAVADAS E PORTOLOUSA, INCLÚÍDO HONORARIOS FACULTATIVOS	REM		

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.

3º.- Determinar que as solicitudes de prórrogas, para a execución e xustificación dos investimentos do plan único 2018, de proceder, efectuadas dentro do prazo previsto nas bases (30 de setembro de 2019), pero recibidas na Deputación con posterioridade a esa data límite, o órgano competente, conforme aos criterios e pautas fixadas nas bases e en exercicios anteriores, pode

entenderse que son susceptibles de seren autorizadas pola propia Xunta de Goberno, aínda que en acordo adoptado con posterioridade ao 30 de setembro de 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO E CONTRATACIÓN DA OBRA DE MONFORTE DE LEMOS-POBRA DO BROLLÓN.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3203 “MONFORTE-ROZABALES (LU-P-4702)”, P.K. 6+030 A 11+997 E LU-P-4702 “VILACHÁ-ROZABALES-ESTACIÓN DE POBRA DO BROLLÓN”, P.K. 1+200 A 2+400.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Incoase expediente administrativo número coa finalidade de proceder á contratación da obra MONFORTE DE LEMOS-POBRA DO BROLLÓN.- Rehabilitación de firme LU-P-3203 "Monforte- Rozabales (LU-P-4702)", PK 6+030 a 11+997 e LU-P-4702 "Vilachá- Rozabales- Estación de Pobra do Brollón", PK 1+200 a 2+400. O proxecto técnico da obra está redactado polo enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras D. Héctor Diéguez Aranda.

A prestación obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos na sección segunda do capítulo I do título preliminar, como negocios e contratos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Trátase dun contrato administrativo de obras, recollido no artigo 13 LCSP, que establece: “Son contratos de obras aqueles que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución de algún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante. Ademais destas



prestacións, o contrato poderá comprender, no seu caso, a redacción do correspondente proxecto. (...) Por «obra» entenderase o resultado dun conxunto de traballos de construción ou de enxeñaría civil, destinado a cumprir por si mesmo unha función económica ou técnica, que teña por obxecto un ben inmovible”.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP, de obras, conforme á definición transcrita do artigo 13 da LCSP.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recollen as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 3 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

Efectuase contratación electrónica de acordo coa disposición adicional decimo sexta e concordantes da LCSP.

O prezo do contrato enténdese adecuado para o seu efectivo cumprimento, e a estimación do mesmo é correcta xa que no proxecto redactado existe un apartado dedicado a xustificación de prezos, xunto con informe específico do Servizo de Vías e Obras.

O contrato adxudicarase mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, consonte aos principios de igualdade, transparencia e libre competencia, recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o artigo 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en

cumprimento do disposto polos artigos 145 e 146 da LCSP, os criterios obxectivos de adxudicación reflíctense debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

O presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada, segundo o estipulado no artigo 20 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orde HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018.

Doutra banda, de conformidade co establecido no artigo 44 LCSP este contrato de obras, non é susceptible de recurso especial en materia de contratación ao ter un valor estimado inferior aos tres millóns de euros, polo que procedería a interposición dos recursos ordinarios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Tendo en conta o previsto no artigo 99 da LCSP e dado que a natureza e obxecto do contrato o permite, non se prevé a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes. A xustificación da non división en lotes consta en informe efectuado ao efecto e na memoria xustificativa incorporada ao expediente e mencionase no propio PCAP.

As obrigas que se deriven da presente contratación, segundo se recolle no informe da intervención xeral, de data 12-09-2019 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 4530.619 por importe de 351.325,00 €, do vixente orzamento xeral.

En canto ás necesidades administrativas e a idoneidade do obxecto contractual e das prestacións a satisfacer debe estarse ao proxecto técnico identificado na cabeceira e redactado polo Enxeñeiro de Camiños do Servizo de Vías e Obras, D. Héctor Diéguez Aranda, xunto con informe específico emitido ao efecto, que forma parte do expediente. En relación co establecido no artigo 102 da LCSP recóllese no proxecto técnico e en informe específico que o prezo do contrato axustase a prezos de mercado e adecuados para o seu efectivo cumprimento.

Incorpórase igualmente ao expediente documento do proxectista sobre costes directos e indirectos.



Lembrar a aplicación das obrigas de publicidade e de remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público previstas nos artigos 63, 335 e 346 da LCSP, respectivamente.

Aos efectos do establecido no artigo 29 da LCSP recóllese no proxecto técnico un prazo de execución de 6 meses, sen prexuízo dos sistemas de suspensión e prórrogas de prazos de execución establecidos polo ordenamento xurídico. Neste caso o prazo de duración do contrato coincide co prazo de execución.

Na Acta de reformulo previo, estendida con data 14 de agosto de 2019, refléxase que se comprobou a realidade xeométrica do proxecto e de cantos supostos figuran naquel e que para a viabilidade do proxecto e a execución das obras, a que se refire a acta, unicamente será preciso a ocupación dos terreos de dominio público correspondentes á vía provincial obxecto das obras.

De acordo co establecido na lexislación vixente, a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares debe ir precedida dos informes de Secretaría ou, no seu caso, do titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico da Corporación e da Intervención. Neste caso a Secretaría conforma o presente informe consonte ao establecido no artigo 3.4 do RD 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018; nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Visto así mesmo a conformidade do Secretario Xeral desta Deputación, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobado inicialmente o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: MONFORTE DE LEMOS-POBRA DO BROLLÓN.- Rehabilitación de firme LU-P-3203 "Monforte- Rozabales (LU-P-4702)", PK 6+030 a 11+997 e LU-P-4702 "Vilachá- Rozabales- Estación de Pobra do Brollón", PK 1+200 a 2+400, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobado o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobado o gasto, por importe de 351.325,00 €, dos cales 60.973,76 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- CORRECCIÓN DE ERRO PRODUCIDO NA PROPOSTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 6 DE SETEMBRO DE 2019, RELATIVO Á APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2018 AO CONCELLO DE VIVEIRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento relativo a corrección do erro producido no informe, Proposta e Decreto relativo a aplicación de remanentes ao Concello de Viveiro, no que entre outros contén o seguinte:



“Visto o expediente relativo ao Plan único de cooperación cos concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Servizo de Contratación emitíuse, en data 05-09-2019, informe relativo á aplicación de remanentes producidos na adxudicación de obras do Plan Único 2018, polo Concello de Viveiro, que serviu de base para a Proposta da Presidencia e posterior acordo da Xunta de Goberno, de data 06-09-2019, no que se indicaba, como obra a financiar con cargo aso devanditos remanentes:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS E FIRME DE RODADURA ENTRE OS NÚMEROS 10 E 16 DA AVDA DE VILABA-VIVEIRO	2018 1532 762	32.117,44€	--	33.117,44€

Revisado o expediente obsérvase que no relativo á cantidade expresada como investimento total, hai un erro, no informe, na Proposta e no acordo da Xunta de Goberno da aprobación da aplicación do remanente no investimento sinalado anteriormente.

No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ao igual que o derogado artigo 105.1 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común), dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

En canto ao alcance do concepto de erro material, pódese traer a colación o afirmado polo Tribunal Supremo en sentenza do 1 de decembro de 2011 (recurso 2/2011), que se remite á doutrina do Tribunal Constitucional (sentenzas 218/1999, do 29 de novembro, e 69/200, do 13 de Marzo) e do Tribunal Supremo (sentenzas da Sala Terceira do 19 de setembro de 2004 (recurso 4174/2000), 4 de febreiro de 2008 (recurso 2160/2003) e 16 de febreiro do 2009 (recurso 609272005), que afirma o seguinte: “los simples errores materiales, de hecho o aritméticos son aquellos cuya corrección no implica un juicio valorativo, ni exige operaciones de calificación jurídica, por evidenciarse el error directamente, al deducirse con plena certeza del propio texto de la resolución, sin necesidad de hipótesis o deducciones.

Tales errores materiales aluden, por consiguiente, a meras equivocaciones elementales, que se aprecian de forma clara, patente, manifiesta y ostensible, evidenciándose por sí solos, sin que sea preciso acudir a ulteriores razonamientos, ni a operaciones valorativas o aclaratorias sobre normas jurídicas, ya que afectan a un determinado suceso de manera independiente de toda opinión, criterio o calificación, al margen, pues, de cualquier interpretación jurídica y de toda apreciación hermenéutica valorativa".

A maior abastanza pódese citar tamén algún pronunciamento do Consello de Estado, que en dictamen núm. 43.184 de 11 de xuño de 1981, sostuvo que “Cuando la Ley de Procedimiento Administrativo dispone que en cualquier momento podrá la Administración rectificar los errores materiales o de hecho y los aritméticos, se está refiriendo a los que la doctrina, desde Savigny, denomina “errores obstativos”, que se producen siempre que una declaración de voluntad no coincide con el sentido exacto de la voluntad misma que se quiso expresar. Son errores de expresión, equivocaciones gramaticales o de cálculo, tales como el lapsus, la errata, el nombre equivocado, la omisión involuntaria, el error en la suma de cantidades, etc. Únicamente este tipo de errores y no los que vienen de la voluntad (in re, in persona, in causa) son los que pueden rectificarse en cualquier momento. Porque no se trata de anular ningún acto o resolución, sino de reconducirlo a los propios términos en que debió ser pronunciado”.

Argumentos todos eles, coherentes coa corrección que se pretende realizar, co obxecto de reconducir o contido do informe, proposta e acordo da Xunta de Goberno, nos termos nos que debeu ser pronunciado, posto que é evidente e resulta do expediente que se trata dun erro ao transcribir a cantidade total do investimento.

A vista do anterior, Informase favorablemente a corrección do erro na cantidade total do investimento do Concello de Viveiro, relativo ao investimento a financiar con cargo aos remanentes producidos na adxudicación das obras do plan único 2018, do xeito que:

Onde se indica:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS E FIRME DE RODADURA ENTRE OS NÚMEROS 10 E 16 DA AVDA DE VILABA-VIVEIRO	2018 1532 762	32.117,44€	--	33.117,44€



Debería decirse:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS E FIRME DE RODADURA ENTRE OS NÚMEROS 10 E16 DA AVDA DE VILABA-VIVEIRO	2018 1532 762	32.117,44€	--	32.117,44€

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a corrección de erro referenciada, de tal xeito que:

Onde se indica:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS E FIRME DE RODADURA ENTRE OS NÚMEROS 10 E16 DA AVDA DE VILABA-VIVEIRO	2018 1532 762	32.117,44€	--	33.117,44€

Debe decirse:

IDENTIFICACIÓN	APLICACIÓN	FINANCIACIÓN DEPUTACIÓN	FINANCIACIÓN CONCELLO	TOTAL INVESTIMENTO
REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS E FIRME DE RODADURA ENTRE OS NÚMEROS 10 E16 DA AVDA DE VILABA-VIVEIRO	2018 1532 762	32.117,44€	--	32.117,44€

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6. - PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN E COMPLEMENTO DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DA RECLAMACIÓN DE PARTICULARES COMPARECENTES EN EXPEDIENTE EXPROPIATORIO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Obra: 576 POL 2006. Portomarín. C.P. Alto Valiño- Valdeporrás- Ponte Piunca. ensanche e mellora do P.Q. 2,300 so 2,700.

Por mor da documentación achegada da finca nº 6, procede modificar a titularidade da finca no seguinte senso:

Finca	Titularidade anterior	Nova titularidade
6	Carmen Vázquez López	Manuel Pérez Vázquez

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DE TITULAR DA PARCELA ADXUDICADA NO ACORDO APROBADO POLA XUNTA DE GOBERNO EN SESIÓN CELEBRADA O 29 DE XUÑO DE 2019 NO PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DUN TERREO PARA A CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES NO CONCELLO DE A PONTENOVA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En relación co asunto de referencia, con data de 20 de setembro de 2019 pola Secretaría Xeral Adxunta informase o seguinte:

Con data de 29.06.2018 a Xunta de Goberno adxudica o procedemento para a adquisición dun terreo para a construción dun Centro de Atención a Maiores no Concello de A Pontenova ao conxunto de parcelas formado polos titulares e parcelas inscritas no Rexistro da Propiedade.

A prolongación do servizo activo debe ser tramitada cando medie solicitude expresa do traballador ou traballadora, condición que opera de tal xeito que, de non producirse esta, deberase declararse a xubilación forzosa de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

A prolongación do servizo activo debe ser aceptada cando a persoa funcionaria ou laboral da Entidade non reúna os requisitos establecidos na lexislación de seguridade Social para ter dereito a pensión ou teña un período de carreira de cotización que lle xere dereito a pensión con mingua retributiva.

A prolongación do servizo activo pode ser aceptada cando sexa de interese para a Entidade dende o punto de vista organizativo, do seu funcionamento e sexa considerada como necesaria para o cumprimento dos seus obxectivos.

Outros factores a considerar, ademais das necesidades organizativas e funcionais, para determinar, de xeito obxectivo, a procedencia de conceder ou denegar a solicitude de prolongación de permanencia no servizo activo son a avaliación do desempeño recibida pola persoa solicitante e o absentismo observado durante o ano inmediatamente anterior á data da solicitude.

Á vista de que, polo que fai referencia ao interese e necesidades organizativas, no servizo ao que está adscrito o funcionario estanse a desenvolver unha serie de funcións que resultan imprescindibles para o normal funcionamento do mesmo, atopándose en proceso de incorporación de novos procedementos, que se verían interrompidos na súa implantación, para o que se necesita unha persoa con experiencia no nivel do posto de traballo, sen que o servizo dispoña de persoal que o substitúa, pois estase a desenvolver un proceso selectivo para incorporar efectivos do nivel de titulación deste funcionario (Técnico Superior de Informática e Programación) para garantir unha adecuada sucesión sen perda de eficacia na Sección de Informática de Recadación.

Considerando que están debidamente acreditadas as causas organizativas e funcionais que xustifican a prolongación solicitada pola persoa funcionaria.

Tomando en consideración que no que fai referencia a resultados da avaliación do seu desempeño correspondente ao último período avaliado (1 de decembro de 2017 a 30 de novembro do 2018) ten acadado unha valoración de Excepcional; e que, segundo informe dos rexistros do Sistema de Control horario e de presenza, o citado funcionario asiste regularmente ao seu posto de traballo, constatándose unha dedicación horaria superior; sen que exista constancia de absentismo inxustificado no seu expediente persoal.

Á vista de canto antecede, vistos os informes dos servizos, considerando que se acreditan a existencia de parámetros obxectivos e suficientes que xustifican a decisión, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo accedendo á pretensión do funcionario de carreira, D. Luis García Parada, de prolongar a permanencia no servizo activo, por un ano máis, é dicir, ata o 24 de outubro de 2020”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

29.- PROPOSTAS DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DE DÚAS FUNCIONARIAS PROVINCIAIS.



Primeiro.- *Proposta de xubilación forzosa, por cumprimento da idade legal establecida, da funcionaria provincial Dona María Celsa Rodríguez Pérez.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Visto que Dona María Celsa Rodríguez Pérez, Auxiliar de Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario da Deputación Provincial de Lugo, cumpre 65 anos o día 10 de outubro de 2019.

Tendo en conta que Dona María Celsa Rodríguez Pérez terá recoñecidos 38 anos, 6 meses e 5 días o día 10 de outubro de 2019, data previsible de xubilación forzosa e que se acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 36 anos e 9 meses e que a citada funcionaria non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando que o artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...).”

O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2019	36 anos e 9 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 36 anos e 9meses	65 anos e 8 meses

[...].”

Á vista do sinalado e tendo presente que Dona María Celsa Rodríguez Pérez terá acreditado, á data do 10 de outubro de 2019, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 36 anos e 9 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo.

Polo anteriormente exposto, vistos os informes dos Servizos, proponse á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, da funcionaria provincial, Dona María Celsa Rodríguez Pérez, con efectividade do día 10 de outubro de 2019 , último día que presta servizos a esta Entidade”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de xubilación forzosa, por cumprimento da idade legal establecida, da funcionaria provincial Dona Teresa Fernández Fernández.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Visto que Dona Teresa Fernández Fernández, Administrativa de Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario da Deputación Provincial de Lugo, cumpre 65 anos o día 16 de outubro de 2019.

Tendo en conta que Dona Teresa Fernández López terá recoñecidos 42 anos, 9 meses e 15 días o día 16 de outubro de 2019, data previsible de xubilación forzosa e que se acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 36 anos e 9 meses e que a citada funcionaria non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando que o artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- c) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- d) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- c) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- d) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2019	36 anos e 9 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 36 anos e 9meses	65 anos e 8 meses

[...].”

Á vista do sinalado e tendo presente que Dona Teresa Fernández Fernández terá acreditado, á data do 16 de outubro de 2019, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 36 anos e 9 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo.

Polo anteriormente exposto, vistos os informes dos Servizos, propónse á Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, a adopción do seguinte acordo:



Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, da funcionaria provincial, Dona Teresa Fernández Fernández, con efectividade do día 16 de outubro de 2019 , último día que presta servizos a esta Entidade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

30.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta da Sentenza nº 180/2019 de 28 de xuño, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 101/2019, seguido a instancia de D. Francisco Ramón Pardo Blanco, contra esta Entidade, por desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en data de 10 de agosto de 2018 por danos sufridos no vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na LU-P-4102 P.K. 16,8 pola existencia dunha fochanca na calzada, en cuxo fallo dí o seguinte: *“Estimo parcialmente el recurso contencioso- administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Francisco Ramón Pardo Blanco frente a la Excma. Diputación Provincial de Lugo, seguido como proceso abreviado número 101/2019 contra la resolución administrativa, que se declara contraria a Derecho y se anula, y en consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada al demandante en la suma de 534,84 euros, más los intereses legales devengados desde el 10 de agosto de 2018”*.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes dar cumprimento á citada sentenza; e vista a proposta de Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo da cantidade de 300 euros en concepto de franquicia do seguro que ten contratado esta Deputación.

ASUNTOS DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptouse o seguinte acordo:

Proposta de aprobación, se procede, da segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da Vía Rexia do Norte, Camiño de Peregrinación a Santiago de Compostela.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 25 de setembro de 2019, relativo á segunda addenda do Convenio Interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello da Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da Vía Rexia do Norte, camiño de peregrinación a Santiago de Compostela, no que literalmente se establece:

En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 22 de marzo de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1º.- Aprobado o texto do Convenio interadministrativo a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da Vía Rexia do Norte, camiño de peregrinación a Santiago de Compostela, cun orzamento total de 32.670,00 €; a achega da Deputación ascende a contía 15.000,00 €.

2º.- Aprobado o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 15.000,00€ con cargo as aplicacións orzamentarias 9430.76255 por 12.000,00 € do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019, e o importe restante 3.000,00€ na aplicación 9420.76200 (queda supeditada a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do



principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, adquirindo o compromiso de engadir no orzamento do ano 2020 a citada contía”.

O Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da vía rexia do Norte, Camiño de Peregrinación a Santiago de Compostela, formalizouse o 27 de marzo de 2019.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 22 de abril de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Modificar a cláusula primeira, segunda, terceira e cuarta do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da Vía Rexía do Norte, camiño de peregrinación a Santiago de Compostela, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia”.

A addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da vía rexia do Norte, Camiño de Peregrinación a Santiago de Compostela, formalizouse o 25 de abril de 2019.

O alcalde accidental do Concello de Meira remitiu escrito, o 22 de agosto de 2019 con número de rexistro no que solicita: “Unha prórroga de dous meses é dicir ata o 30 de novembro de 2019 para a execución e xustificación destas actuacións”.

Pretendese a modificación das seguintes cláusulas:

A cláusula terceira, sobre obrigas e compromisos das partes.

A cláusula cuarta, sobre o réxime económico coas aportacións anuais.

Deste xeito, as cláusulas referenciadas, quedarían redactadas do seguinte xeito:

Obrigas e compromisos das partes.

Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta.

En caso de producirse baixas na licitación, reducir a cantidade estipulada como financiamento comprometido polo Concello de Meira , ou previa solicitude do mesmo, autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutro investimento que deberá ser coa mesma finalidade e respecto do que deberá achegarse memoria das actuacións pretendidas, ou ben reducir o financiamento comprometido polo Deputación Provincial.

Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, de RXSP, que lle resulten aplicables.

O Concello de Meira:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Meira, comprométese en nome propio e por conta dos concellos de A Pontenova, Riotorto, Pastoriza, Castro de Rei e Lugo no que respecta a provincia de Lugo, a:

Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

A financiar, contratar, executar mesmo de forma directa (art. 30 LCSP) e desenvolver as actuacións obxecto deste convenio.



Tramitar as autorizacións, licenzas e permisos necesarios para a execución das actuacións indicadas, con celeridade e de estar suxeita a tributos ou outros ingresos de dereito público, asumir o correspondente custe.

Achegar como contribución ao fin común, os proxectos técnicos e/ou memorias valoradas necesarios para a execución das obras/investmentos segundo legalmente proceda, así como asumir a dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións que sexan preceptivas.

Executar as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio:

As da anualidade na 2019, por importe de 12.000,00 € na data límite do 30 de novembro de 2019.

As da anualidade 2020, por importe de 3000,00 € na data límite de 28 de febreiro de 2020.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial, en relación a execución e cumprimento deste convenio.

Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners, medios de comunicación ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

Ambas administracións comprométense, reciprocamente, a facilitar os soportes de identificación, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), para informar da actividade e funcións conveniadas.

Os representantes de ambas partes, comparecerán, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional de calquera dos eventos ou dos seus resultados.

As partes autorízanse, reciprocamente, coa sinatura deste Convenio a comunicar e difundir polos medios ou canles que considere adecuados, a colaboración estipulada neste documento, facendo constar a colaboración de ambas administracións públicas”.

Réxime económico.

“Achegas:

Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 15.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins, de acordo coas actuacións que figuran na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentaria 9430.76255 e 9420.76200, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2019 e 2020.

Achega do Concello:

O Concello de Meira, financiará as actuacións descritas con 2.520,00 €, no ano 2019 e 630,00 € no ano 2020, e asumirá o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e a súa adecuada execución por conta propia e dos concellos de A Pontenova, Riotorto, Pastoriza, Castro de Rei e Lugo, da provincia de Lugo, de conformidade co convenio de colaboración asinado o 22 de marzo de 2017.

Titularidade do resultado da cooperación:

O Concello de Meira será titular do resultado da cooperación da prestación en nome propio e por conta dos restantes concellos de A Pontenova, Riotorto, Pastoriza, Castro de Rei e Lugo nos termos e condicións do convenio asinado o 22 de marzo de 2017.



Xustificación da achega económica.

Unha vez finalizada cada actuación o Concello de Meira, achegará á Deputación de Lugo unha conta xustificativa dos gastos realizados, que terá o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterà:

Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e data pagamento, para cada actuación.

Certificacións de obra, acta de recepción, facturas e acreditación dos pagos, que puideran ser posteriores a data límite para execución pero, en todo caso, dentro do prazo de xustificación.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Declaración responsable emitida polo concello de Meira, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE.

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade prevista neste convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello de Meira non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable na que se faga constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións, e soportes, que se utilicen na execución da actividade.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

No caso de que a Deputación tivese aboado un anticipo e o concello de Meira non executase a totalidade da cantidade aboada por este concepto, o concello de Meira presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación. Tamén procedera a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro si é anterior a esta.

Fotografías dos carteis/ pegatinas ou medios dixitais usados na difusión da relación interadministrativa de cooperación.

Unha vez aprobadas as contas xustificativas polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

O prazo para a presentación da conta xustificativa é o seguinte:

Para a actuación correspondente á anualidade do 2019 a data límite é o 30 de novembro de 2019.



Para a actuación correspondente á anualidade do 2020 a conta xustificativa deberá aportarse no prazo de dous meses a contar dente a finalización da actuación.

Anticipo.

Por outra banda, a Deputación de Lugo poderá efectuar un anticipo, en cada exercicio económico, con dispensa de garantía, de ata o 50% da cantidade achegada pola Deputación, e neste caso o concello de Meira deberá achegar a seguinte documentación:

Solicitud do anticipo.

Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Declaración responsable na que se faga constar que o concello de Meira non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.

Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización do fin común, que poderá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil.

Non se concederá anticipo ata que estea xustificada a anualidade anterior.”

As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda addenda, permanecerían invariables, acordando ambas partes, incorporar ao Convenio de

Cooperación subscrito con data 27 de marzo de 2019, esta segunda addenda, a cal se rexiría polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Consideracións

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a ambas entidades locais, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido: colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia. Este sistema cooperativo vese confirmado polo artigo 31 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, en tanto que regula a potestade de autoorganización e os sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, articulada, esta última e neste caso a través de un convenio guiado por consideracións de interese público. Neste sentido, o parágrafo segundo deste artigo 31 contempla a posibilidade de que as entidades pertencentes ao sector público poidan acadar a realización conxunta de contratacións específicas (...).

Esta acción pública colaborativa enmarcase nas relacións de cooperación interadministrativa con fundamento no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. A cooperación organizada a través do convenio que se modifica, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu



apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

En canto ao papel de cooperación da Deputación respecto dos concellos atopa fundamento singular no art. 36 da LBRL e mesmo o 30 do RDL 781/86, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Respecto aos títulos competenciais en materia de servizos sociais, ademais dos xenéricos da Lei de bases de réxime local e da Lei de administración local de Galicia, compre citar a lexislación sectorial autonómica. Neste sentido compre citar a Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, estable o seu obxecto a definicións, precisando no paragrafo 2º dese artigo primeiro que o patrimonio cultural de Galicia esta constituído polos seus mobles, inmobles, ou manifestación inmateriais que polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico documental ou bibliográfico debeu ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade na cultura galega a través do tempo (...).

O artigo 3.2, sobre colaboración interadministrativa, establece que as entidades que integran a administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia, que se localicen no seu ámbito territorial, teñen, entre outras, a obriga de:

Protexer, difundir e fomentar o seu valora cultural (...).

Exercer, asemade, as demais funcións que teñan expresamente en virtude desa mesma Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

Esta Lei dedica o seu título VI aos Camiños de Santiago: o concepto dos camiños, a súa natureza (como nas de dominio e uso público), a súa protección, delimitación, usos, etc. (...)

Esta lexislación sectorial autonómica é título idóneo para atribuír competencias as entidades locais, conforme a doutrina do TC (STC 41/2016).

Resultan plenamente aplicables os fundamentos competenciais reflectidos no informe deste servizo de data 13 de xuño de 2018, emitido a efectos da súa aprobación.

No Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da vía rexia do Norte, Camiño de Peregrinación a Santiago de Compostela, establece o seguinte:

Cláusula quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2019 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2021, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 19, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Cláusula sexta.- Modificación



“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Polo que cabe a súa modificación dado que o convenio aínda está vixente.

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído da lexislación de contratos en virtude do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en relación co artigo 31 da LCSP, sobre potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal.

O órgano competente do ente provincial para a aprobación desta segunda addenda do convenio de Cooperación é á Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.b)18. do regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 056 de data 10 de marzo de 2011), así como o establecido –por analoxía- na base 24.4º das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2019, que recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores a 15.000,00 €.

Por todo o exposto, infórmase favorablemente a modificación da cláusula terceira e da cláusula cuarta do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da vía rexia do Norte, Camiño de Peregrinación a Santiago de Compostela nos termos da segunda addenda do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do Convenio de referencia.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Modificar a cláusula terceira e a cláusula cuarta do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira para a execución dos fins comúns consistentes na promoción e difusión da vía rexia do Norte, Camiño de Peregrinación a Santiago de Compostela, nos termos da segunda addenda incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

2º.- Vista a finalidade do convenio, isto é a execución da actuación correspondente á anualidade do 2019, a urxencia queda debidamente xustificada a fin de evitar ao Concello de Meira os prexuízos que se derivarían de non adoptar o presente acordo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

31.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.